

Presentación/recital

Vigo, 27 de outubro de 2006

ALVARELLOS EDITORA PRESENTA EN VIGO, CUN RECITAL, A REEDICIÓN DO POEMARIO DE MANUEL MARÍA CATAVENTO DE NEUTRÓS DOMESTICADOS



De esquerda á dereita: Marcos S. Calveiro, Paula Mariño, Manuel Vilanova, Henrique Alvarellos, Francisco Castro e Ramón Nicolás, na Casa do Libro de Vigo, antes do recital

- Participaron os escritores Paula Mariño, Francisco Castro, Ramón Nicolás, Marcos S. Calveiro, Manuel Vilanova e o editor, Henrique Alvarellos, que leron poemas do autor.
- O *Catavento* é un dos títulos históricos do primeiro catálogo desta editorial, publicado por vez primeira en febreiro de 1979. Esta reedición respecta a portada e ilustracións orixinais de Xohán Clodio e incorpora un amplo estudo de Camilo Gómez Torres.
- Manuel María definiu o seu libro como “un intento de facer, con elementos surrealistas, unha poetización desta sociedade de consumo na que vivimos”.
-

Alvarellos Editora presentou na Casa do Libro de Vigo a reedición do poemario *Catavento de neutrós domesticados*, unha obra publicada por vez primeira nesta editorial en febreiro de 1979, que inaugurou o catálogo desta empresa e que agora, case tres décadas despois, compría recuperar. No acto celebrouse un recital de poemas deste libro, a cargo dos escritores Paula Mariño, Francisco Castro, Ramón Nicolás, Marcos S. Calveiro, Manuel Vilanova, e o editor, Henrique Alvarellos.



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52

Manuel María, de quen o pasado setembro se cumpriu o segundo cabodano do seu pasamento, definiu esta obra como: “un intento de facer, con elementos surrealistas, unha poetización desta sociedade de consumo na que vivimos”. O *Catavento de neutrós domesticados* é un libro sorprendente, innovador e anticipador. Destila altas doses de inconformismo, retrans, desacougo e caos. Transcorre entre o íntimo e o social e nel emerxen verdadeiros achádegos semánticos nun altísimo dominio do idioma.

A presente edición mantén a portada orixinal de 1979 coas ilustracións interiores de Xohán Clodio, e complétase cun amplo e documentado estudo por parte do profesor e escritor Camilo Gómez Torres, un profundo coñecedor da obra de Manuel María, a quen cualifica de “autor total”.

Gómez Torres sinala que “o *Catavento* é un poemario insólito que non foi entendido na súa época. Pasou inadvertido. Un traballo de preciosismo literario que hoxe pode considerarse insuperable” (...). O home galego, máis vítima que protagonista, é o suxeito poético destas composicións intimistas e, ao tempo, sociais”.

A reedición desta obra enmárcase na conmemoración dos trinta anos da fundación de Alvarellos Editora, que principiou a súa andaina en Lugo a comezos de 1977 e hoxe é unha das editoriais máis veteranas de Galicia.

[Máis información en www.alvarellos.info]



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52